

ANUNCIO

Faise público que o tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de técnico/a auxiliar de biblioteca, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene incluída na oferta de emprego público do ano 2022 segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 12.06.2025, nomeado mediante Resolución de alcaldía 306/2026, de data 06.03.2026, acordou en sesión do día 16 de marzo de 2026 o seguinte:

PRIMEIRO.-Logo de estudar a documentación presentada, acórdase ao abeiro da Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, conceder os seguintes axustes de tempo ás seguintes persoas aspirantes:

-Lidia Cabrero Seijo: 10´

-Sara Martínez Casteleiro: 60´, sen prexuízo de que se poida conceder, no caso de que se desencadee durante a proba unha crise parcial, 30 minutos adicionais e, de ser unha crise xeneralizada, 1 hora adicional.

SEGUNDO.-Á vista de que todas as persoas aspirantes contan co CELGA 4 ou equivalente, declaráronse exentas a todas da realización do primeiro exercicio.

TERCEIRO.-Convocar ás persoas aspirantes á realización do segundo exercicio (test+preguntas curtas) o día **28 de abril ás 9.30 horas na [Aula de cursos](#) sita en Avda. Naturais, 44, entrechán, 15500 - Fene.**

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas